




PROPOSTAS MUNICIPAIS Á F.E.G. PARA O CONTROL DA EXPOSICIÓN AOS CAMPOS ELECTROMAGNÉTICOS (CEM)

Introdución:

Na derradeira década estamos a vivir un AUMENTO EXPONENCIAL dos campos electromagnéticos (CEM) artificiais, a pesar das chamadas ao Principio de Precaución das resolucións e declaracións de institucións como o [Consello de Europa](#), o [Parlamento Europeo](#) e a [Axencia Europea de Medio Ambiente](#), avaladas pola revisión de máis de 1.500 estudos científicos e a clasificación da [OMS](#) como posible cancerixeno humano das baixas frecuencias (liñas de alta e media tensión, subestacións, transformadores) no 2001 e das tecnoloxías sen fíos (telefonía móbil, Wi-Fi, ...) no 2011.

Valor medio constatado en medio urbano de irradiación artificial de microondas de alta frecuencia de 900 MHz-2'5 GHz



Curva exponencial dos CEM artificiais nas zonas urbanas (excluíndo a área cerca de TM). Baseado no informe Bioinitiative. Sección 16

Porqué nos [preocupa](#) esta situación actual de caos e falta de control?

- Porque este tipo de irradiacións están [cada vez máis xeneralizada no noso medio](#):
 - [Maior número de emisores](#) durante as 24 h. tódolos días do ano
 - Deficiente ou ausente regulación que sométenos a súa exposición ao marxe do noso consentimento.
- Porque **o establecemento de límites de protección hoxe en día está lonxe de ser pechado: non só non se pode demostrar a inocuidade destas tecnoloxías (defendidas pola industria), senón que cada vez son maiores as evidencias dos efectos non térmicos da radiación non ionizante en tódalas frecuencias.**
 - Porque a Axencia Europea de Medio Ambiente (2007-2009), o Parlamento Europeo (2008, 2009) e o Consello de Europa (2011), abalados por numerosas Conferencias, chamamentos, revisións científicas e organismos, xa solicitaron aplicar o **Principio de Precaución**:
 - **Reducir uns límites de exposición** (nos que se basea a nosa lexislación estatal) por **“obsoletos” e non protectores** (especialmente dos grupos sensíbeis)
 - **Minimizar a exposición a dispositivos e instalacións CEM** partindo de que son **potencialmente perigosos para á saúde**.
 - Cada vez son máis os países, rexións, comunidades autónomas e concellos que xa adoptaron normativas en base ao principio de cautela e a racionalización do despregue destas tecnoloxías [establecendo límites máis estritos de emisión de radiofrecuencias](#) que a da Recomendación de 1999 dá CE.
- Por outra banda Sentenzas [recentes](#) da Sala 3ª do Tribunal Supremo, partindo de que o **risco dos campos electromagnéticos é un tema aberto dende o campo científico**, recoñecen a capacidade das administracións autonómicas e locais para **fixar criterios máis proteccionistas que os establecidos na lexislación estatal**.

Propostas:

As seguintes propostas van na liña de protexer da contaminación electromagnética os espazos ónde a cidadanía vive, traballa, estuda, xoga ..., potenciar a participación cidadá e a información pública nesta materia e o control municipal das emisións CEM.

I. Realizar **un plano municipal de incidencia electromagnética** para establecer o seu grado de radiación nos distintos barrios e zonas, detectando os puntos con maiores niveis de contaminación, onde colocar de forma especial sistemas de medición permanente ¹ (Exemplos: o [Plano Electromagnético de Bilbao](#) feito pola Escola de Enxeñeiros de Telecomunicacións da UPV para o Concello ou o convenio entre a [Universidade Politécnica de Madrid e o Concello de Leganés](#)).

II. Establecer unha **moratoria cautelar** puntual mentres se realizan os estudos e regulamentos propostos.

III. Redactar e aprobar unha **Ordenanza reguladora garantista da instalación e funcionamento de infraestruturas susceptibles de xerar Campos Electromagnéticos (CEM)** no intervalo 0 Hz a 300 GHz de frecuencia. (Entre outras referencias de Ordenanzas municipais están a de [Leganés](#) en Madrid do 2010, a de Sant Lluís de Menorca ([STS 27-04-2010](#)), a de Alcoy -Valencia- ([STS 6-04-10](#)), a de Barcelona (STS de 17-11-2009), en Utiel -Valencia- ([STS 14-09-10](#)) ou en Tabernes de Valldigna -Valencia- ([STS 23-11-2010](#)).

Bases a ter en conta na elaboración dunha Ordenanza municipal garantista:

a) Utilizar tódalas posibilidades técnicas existentes para garantir á cidadanía a mínima exposición posíbel. Trátase da aplicación do principio ALARA/ALATA o Principio da mínima emisión tecnicamente posíbel (*as low as thecnic allows*).

b) Criterios a ter en conta sobre os **límites de exposición**:

Os límites establecidos no Informe [BIOINITIATIVE](#) apoiado pola [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) e base científica das **Resolucións do Parlamento Europeo** de [2008](#) e [2009](#) e do **Consello de Europa** de [2011](#)):

✓ Nas altas frecuencias (instalacións de radiofrecuencias) limitar a 0.1 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ en exteriores (0.01 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ en interiores), 4.500 veces menos que na lexislación estatal, "para diminuír o risco para as poboacións sometidas a exposicións máis desproporcionadas", recoñecendo "problemas de saúde observados [aínda] a niveis máis baixos" polo que en novembro de 2007 a [Resolución de Londres](#) (con participación de autores do Informe Bioinitiative) solicita como límites: 0.01 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ en ext. e 0.001 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ en int.

✓ Para os CEM de baixa frecuencia, (liñas de alta tensión, subestacións, transformadores): niveis inferiores a 0.1 μT . Unha referencia para garantilo é o establecemento dunha distancia de seguridade de 1 metro por cada Kilovoltio (1.000 voltios) de tensión nominal.

▪ Entre os límites de inmisión establecidos nas ordenanzas municipais garantistas nomeadas no punto 3 (nalgúns casos xa avaladas por sentenzas do Tribunal Supremo) a ordenanza do Concello de Leganés establece un nivel máximo de potencia de 0.1 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ para as frecuencias de telefonía móbil no interior dos lugares utilizados habitualmente pola

¹ As emisións das antenas base de telefonía móbil varían por unha banda de forma automática en función do número de móbiles que se relacionan coa antena durante o servizo de telecomunicación, e por outro, das decisións por telemando desde a propia Central da empresa correspondente.

poboación entendendo como lugares sensíbeis o interior das vivendas, e centros de traballo, escolares, residenciais en calquera zona de posíbel ocupación por unha mesma persoa durante un período de tempo igual ou superior a 6 horas. En todo caso estes exemplos de ordenanzas garantistas contemplan a redución por límites menores “segundo o avance da investigación e o establecemento de riscos en valores menores segundo criterio municipal e das persoas e entidades colaboradoras”.

c) Criterio de **Medición e Control municipal das inmisións² en tempo real**, coma única garantía de cumprimento dos límites contemplados na ordenanza, establecendo os fondos necesarios para a instalación efectiva destes sistemas de vixilancia (Ver Ordenanza de Leganés de 2010, Madrid), incluída a Taxa fiscal establecida no apartado V destas propostas.

A medición dos niveis de emisións electromagnéticas estarían ao mesmo nivel:

- Que os controis habituais de Calidade do Aire, seguindo as definicións do Artigo 2 da Directiva 96/62/CE do Consello de Europa, de 27 de setembro de 1996, sobre Avaliación e Xestión da Calidade do Aire Ambiente. Esta directiva considera “contaminante” a calquera sustancia introducida directa ou indirectamente polo home no aire ambiente que poida ter efectos nocivos sobre a saúde humana ou o medio ambiente no seu conxunto.
- Que o control do ruído, dentro das potestades medio ambientais e de saúde dos Concellos.

Unha forma de garantir os fondos necesarios para a instalación do sistema de medición e control pode ser a traveso dunha ordenanza fiscal específica (Ver apartado V) e o polo sistema de sancións establecidos na ordenanza.

d) Criterios a ter en conta sobre as **distancias**:

- Para os CEM de Alta Frecuencia (radiofrecuencias / microondas): E exixible unha distancia mínima de seguridade de 10 m ás contornas habitadas. Por outra banda, aínda que hai referencias en crave proteccionista que dan pe a solicitar distancias maiores³, a distancia en si mesma non é garante suficiente de seguridade⁴ xa que dentro do feixe de acción dunha o máis antenas sempre se poden dar niveis altos de inmisió, sendo na actualidade un tema de debate no seno dos colectivos sociais participantes da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética. En todo caso **a garantía da redución da inmisió nunha poboación pasa por fixar uns valores límite de emisión máis estritos** (ver punto b) **co control e coñecemento público dos valores reais de inmisió** na liña contemplada nos puntos c e d, que garantan o cumprimento dos límites garantistas

- Para os CEM de Baixa Frecuencia, (liñas de alta tensión, subestacións, transformadores) se contemplará a distancia de seguridade de 1 metro por cada Kilovoltio (1.000 voltios) de tensión nominal, garante en si mesma para conseguir uns niveis de inmisió inferiores a 0.1µT (Ver artigo 52 das [“Normas Urbanísticas del Plan General](#)

² Potencia de radiación electromagnética que entra no corpo humano

³ O Informe Bioinitiative (apoiado pola AEMA e base das Resolucións do Parlamento Europeo de 2008 e 2009) contempla nas súas recomendacións unha distancia de cautela de 300 metros de espazos sensíbeis como os centros de ensino. A Resolución do Parlamento Europeo de 2009 no seu apartado 8 propón negociar entre as partes implicadas a implantación de novas antenas base de telefonía e liñas de alta tensión, garantindo ao menos nas zonas sensíbeis unha distancia de cautela. Hai sentenzas do Tribunal Supremo que teñen avaladas o uso de distancias nalgúns ordenanzas municipais.

⁴ As emisións das antenas base de telefonía móbil varían por unha banda de forma automática en función do número de móbiles que se relacionan coa antena durante o servizo de telecomunicación, e por outro, das decisións por telemando desde a propia Central da empresa correspondente.

Municipal de Ordenación de Jumilla”). Seguindo este criterio **prohibirase a instalación de centros de transformación no interior dos edificios residenciais** e en xeral nos espazos ónde a cidadanía vive, traballa, estuda, xoga

e) Garantir a **necesaria información pública e transparencia** nas actuacións derivadas de formulacións de despregamento de infraestruturas de telefonía móbil, onde a veciñanza lindeira pode aplicar o seu dereito a coñecer a súa presenza para estudar a relación entre as emisións e os seus domicilios.

1. Débese cumprir coas preceptivas licenzas de obras e de actividade:

- A tramitación da Licenza de Actividade está supeditada a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia que no artigo 13.d recoñece a radiación como “actividade perigosa”, estando supeditadas este tipos de instalacións ao Decreto autonómico 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, tal e como lembra a recomendación do **Valedor do Pobo** do [Expediente C.6Q/920/2008](#)

- O [Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental](#) (con entrada en vigor o 22 .07.08) contempla no seu artigo 8.3: "O expediente será sometido polo concello ao trámite de **información pública por un período de vinte días** mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e no BOP correspondente e exposición no taboleiro de anuncios do concello. A apertura do trámite de información pública **notificaráselles persoalmente aos veciños e titulares de dereitos inmediatos ao lugar** da localización proposta, **para os efectos de que poidan alegar** o que consideren oportuno".

2. **Información pública** (incluídos os datos de inmisión en tempo real) e **participación activa da poboación** durante todo o proceso (incluída a negociación propia da ordenanza municipal) a traveso dunha Comisión de Seguimento. O Concello, de acordo á “Lei 27/2006, de 18 de xullo, de dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente”, promoverá a participación cidadá previa á instalación de calquera fonte de emisión de campos electromagnéticos, informando de forma transparente e pondo a disposición dos cidadáns a información da que dispoña o consistorio. Tamén se creará algunha acción, seguindo o Informe 12659/08 da Comisión Europea, dentro do marco da Axenda 21, co fin de sensibilizar aos cidadáns dos posibles riscos dos campos electromagnéticos, das medidas de protección adoptadas e promovendo un consumo responsable dos diferentes dispositivos que utilicen campos electromagnéticos.

f) **Sancións exemplais**. Partindo do elevado grado de incumprimento das licenzas prescritíbeis e do volume económico desta industria de telecomunicacións, é necesario que os incumprimentos ou transgresións da Lei non sexan rendibles.

- No caso de incumprimento na prescritíbel licenza de actividade (Ver exemplos dos concellos de [Astudillo](#) –Palencia- ou de [Alcalá de Henares](#) -Madrid-)

- No caso de superar os valores máximos de inmisión establecidos por esta Ordenanza nos lugares utilizados habitualmente pola poboación (Ver art. 27 da [Ordenanza de Leganés](#))

g) O **Carácter retroactivo** do cumprimento das normas das Ordenanzas para garantir en todo o concello o seu acatamento por parte de tódolos emisores de CEM. Carecerán de autorización para a instalación de emisores novos, aquelas compañías que non cumpran as normas coas que xa teñen instaladas.

a) **Plan de despregamento** anual que xustifique unha necesidade de incrementar as infraestruturas de telecomunicación no municipio e respectando as disposicións do PXOU e da Ordenanza que regula dita actividade. As Operadoras poden presentar plans conxuntos

entre elas, primando e potenciando as instalacións compartidas na liña exposta pola eurocámara no [2009](#), sempre que se garanta ao menos a non superación do 0.1 $\mu\text{w}/\text{cm}^2$ de inmisión en exteriores.

IV. **O Plan Xeral de Ordenación Urbana** que, xunto a Ordenanza garantista de infraestruturas capaces de emitir CEM, deberá poñer orde nas caóticas implantacións, en moitos casos ilegais, sobre todo das Antenas Base de telefonía móbil, ao obxecto de asegurar un elevado nivel de protección da saúde dos cidadáns e das condicións do medio ambiente nas liñas xa expostas. Deberá contemplar a ordenación das instalacións radioelétricas, a reserva específica de superficies para as subestacións eléctricas en chan non urbanizábel e en chan que non afecte nin a zonas habitadas nin aos recursos ambientais que deben ser protexidos, prohibición da instalación de centros de transformación no interior dos edificios residenciais.

V. Establecer unha **ordenanza fiscal** reguladora de taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil ([Vilaboa](#), [Pontevedra](#), Pontecesures –Pontevedra–, [A Coruña](#), [Mugardos](#), [Lugo](#),). Os ingresos da **Taxa de servizos de telefonía móbil** (xunto as **sancións** contempladas na ordenanza e os ingresos polos incumprimentos tributarios e fiscais destas instalacións) deberían costear a instalación e implantación dos sistemas municipais de control en tempo real propostos no apartado III c).

VI. O municipio debe **impulsar a investigación**: coa esencial participación dos servizos sanitarios da atención primaria na recollida de datos sobre potencias de inmisión correlacionadas coas afeccións atendidas. Datos que axudarían a confeccionar estatísticas orientativas, base de estudos epidemiolóxicos máis complexos a medio ou longo prazo.

VII. **Plan de Educación ambiental e para a saúde**: Campañas municipais de uso razoable do teléfono móbil consensuadas coas asociacións implicadas e coa comunidade escolar (na liña da Resolución do [Parlamento Europeo de 2009](#) e do [Consello de Europa de 2011](#) e das axencias sanitarias estatais: [Reino Unido](#), [Francia](#), [Bélxica](#), [Suíza](#), [Finlandia](#), [Rusia](#), [Israel](#) ...; ou de concellos como o francés de [Lyon](#)): “uso preferente do teléfono fixo” na infancia e adolescencia, “usar dispositivos de mans libres, realizar chamadas curtas, apagar os teléfonos cando non se utilicen (por exemplo, durante as clases) e usar o teléfono móbil en zonas con boa cobertura” -evitándoas no bus, tren, coche-, ..., así como das alternativas ao Wi-fi e aos teléfonos sen fíos (DECT).

VIII. **Manter as cabinas telefónicas existentes no municipio** e asegurar a súa instalación como servizo público necesario nos barrios novos. Os teléfonos móbiles privados non deben substituír este servizo público.

IX. Propor que **o acceso a Internet promovido por calquera organismo público no municipio ou polo propio concello realícese mediante cableado** (coaxial, fibra óptica, ...) fronte aos outros sistemas sen fíos de acceso a Internet (WiFi, WiMax, bluetooth, etc.) É un sistema tecnicamente mellor (maior velocidade e seguridade, e sen interferencias) que permite evitar a exposición a radiacións electromagnéticas. Propor así mesmo a retirada dos sistemas WiFi, en edificios públicos, sanitarios, [educativos](#) e de lecer coa súa substitución por sistemas de acceso a Internet por cable. (Ver declaracións da [alcaldesa de Basauri](#), do [gobierno alemán](#), da [AEMA](#), e Resolución do [Consello de Europa](#)